

Venres, 1 de setembro de 2017

Núm. 168

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****POIO****Bolsas de emprego***MODIFICACIÓN DE BASES XERAIS DE SELECCIÓN DE PERSOAL QUE INTEGRARÁN
AS BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE POIO NOS DIVERSOS POSTOS**ANUNCIO*

Por medio do presente faise pública a modificación, aprobada por acordo número 15245 da Xunta de Goberno Local do 14 de agosto de 2017, das bases xerais de selección de persoal que integrarán as bolsas de emprego do Concello de Poio nos diversos postos publicadas no Boletín Oficial da Provincia do 08 de xuño de 2017 da seguinte maneira:

Primeiro.—Modificar a base terceira establecendo un prazo de 8 días naturais para presentar a documentación quedando redactada a base terceira co seguinte tenor: “O prazo para presentar as solicitudes será de 8 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria específica de cada posto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Esta modificación supón a modificación do parágrafo oitavo da base terceira que debe dicir: “Logo de finalizado o prazo dos 8 días naturais sinalado para presentar as solicitudes a Alcaldía ditará unha resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Segundo.—Modificar a base 9^a.1 quedando redactada da seguinte maneira: “1. Despois de publicar os resultados da fase de oposición convocaranse, a través de anuncio no Taboleiro de Anuncios e na web do Concello, as e os aspirantes que a superaron, para que presenten no Rexistro xeral ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da LPACAP, a documentación correspondente á fase de concurso nun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación. Para estes efectos só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro deste prazo.”.

Terceiro.—Modificar a base 9^a.4. Quedando redactada da seguinte maneira: “Contra esta valoración as e os interesados poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da devandita publicación.”.

Cuarto.—Ditas modificacións serán de aplicación unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia.

Poio, 22 de agosto de 2017.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

Código seguro de verificación: RNDION6YRFJXIV9

